

PROXECTO LECTOR

CEIP
PLURILINGÜE DA
RABADEIRA

Bibliotecas
escolares
de Galicia



"Para viaxar lonxe, non hai
mellor nave que un libro."
Emily Dickinson

ÍNDICE

- 1. Fundamentación e marco lexislativo.**
 - 1.1. Lexislación.**
 - 1.2. Análise do contexto.**
- 2. Obxectivos.**
- 3. Itinerario lector.**
- 4. Liñas de acción prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar do centro.**
 - 4.1. Análise da situación da biblioteca escolar. Organización e xestión.**
 - 4.2. Avaliación.**
- 5. Intervencións que compe sistematizar.**

1. Fundamentación e marco lexislativo.

1.1. Marco lexislativo:

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Entre os obxectivos do mesmo destacan favorecer a competencia lectora e literaria do alumnado, educar no uso crítico da información, fomentar o hábito da lectura e apoiar na adquisición das competencias clave.

Este documento será a referencia para a programación do Plan Anual de Lectura que se incorpora cada curso á Programación Xeral Anual.

Como referente lexislativo básico, cabe destacar o vixente Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores do centro, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave. Entre os requisitos destes proxectos lectores establécese a existencia dunha biblioteca escolar convenientemente atendida.

Na nosa Comunidade Autónoma tomamos como referente o seguinte decreto:

***Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/09/14)**

O artigo 3.e dispón a obrigatoriedade do alumnado de coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

O artigo 8.4 indica que o bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua Galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

O artigo 11.1 establece que sen prexuício do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e contitucional traballarase en todas as disciplinas.

O artigo 15.4 sinala que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito de lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

O artigo 18 “Bibliotecas escolares e lectura” dispón que:

- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias claves. Este programa de centro será o referente para a elaboración do plan anual de lectura que se incluírá na programación xeral anual. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.
- **No anexo III**, no bloque 2.6 sinalase como contido a introdución ao uso xeral das bibliotecas de aula e do centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

1.2. Análise do contexto:

O CEIP Plurilingüe da Rabadeira é un centro pertencente ao Concello de Oleiros, que ten unha extensión de 43,8 km² divididos en 9 parroquias: Dexo, Nós, Iñás, Dorneda; Liás, Perillo. Serantes, Oleiros e Maianca. O número de habitantes segundo os datos do censo do 2020 é de 36.534.

O centro está situado no cuadrante noroeste de Galicia, no espazo xeográfico do Golfo Ártabro. Pertence á bisbarra natural Das Mariñas. É un concello pequeno en canto a súa extensión, a súa superficie é de 43,8 km² pero cunha poboación en constante crecemento polo que aumenta continuamente o número de familias ás que nos achegamos. O seu ámbito configúrao como un dos espazos turístico-residenciais de maior calidade en Galicia. O centro está situado nun contorno semiurbano e a 1km do centro do Concello. Nos arredores encóntrase o IES Miraflores, a piscina municipal, o centro de saúde, casas unifamiliares e algunha urbanización.

A área de influencia do centro esténdese polas parroquias de Oleiros, San Pedro de Nós, Iñás, Dorneda e Liáns.

O alumnado do centro conta con 7 bibliotecas municipais no Concello, que prestan servizo de empréstito durante todo o ano e leva a cabo actividades de fomento da lectura periodicamente.

Para determinar a situación lingüística do centro, o Equipo que elaborou o Proxecto Lingüístico de Centro, considerou pertinente recoller información de toda a comunidade educativa a través dunhas enquisas que foron tomadas con algunhas modificacións das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos que enviou aos centros a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Como resultado destas enquisas e da propia observación directa, podemos concluír que unha gran minoría do noso alumnado é galego falante. A maioría dos nenos comprende sen ningunha dificultade a lingua galega. Ademáis recibimos alumnos doutros países e doutras comunidades autónomas polo que hai que ter en conta esta peculiaridade á hora de facer unha inmersión efectiva na lingua galega. A realidade lingüística do noso centro é a dunha comunidade Educativa castelá-falante na súa maioría.

O uso do galego é parcial. Aínda que parte do profesorado emprega o galego como lingua habitual, a maioría dos mestres e do alumnado utilizan preferentemente o castelán nas súas conversas. O mesmo sucede co resto da comunidade educativa.

Tendo en conta estes estudos sociolingüísticos realizados e a lexislación vixente, Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, acordouse o seguinte:

- O Centro pretende que as dúas linguas, galego e castelán, estean equiparadas tanto a nivel de prestixio como a nivel de competencia lingüística ao remate da Educación Primaria.
- A lingua materna predominante entre o alumnado de educación infantil é o castelán.
- A distribución curricular será a seguinte:
 - Educación Infantil: impartirase en castelán todo o ensino nesta etapa introducindo o galego na aula.
 - Educación Primaria:

DISTRIBUCIÓN HORARIA (GALEGO/CASTELÁN) EN EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREAS	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua Castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas(castelán)	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais (galego)	3	2	3	2	3	2
Ciencias da natureza (galego)	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira (inglés)	2	2	3	3	3	3
Educación Artística (galego/inglés en plastica 1º, 2º, 3º, 4º e 5º) (ampliando 1 nivel cada ano)	1+1	1+1	1+1	1+1	1+1	2
Educación Física (galego)	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos (castelán /galego)	1	2	1	1	1	1
Libre configuración				1		1
TOTAIS	25	25	25	25	25	25
TOTAIS EN GALEGO	13	13	13	12	13	12

A presenza da lingua galega é plena na documentación administrativa, nas **actividades impresas** (contos do outono, postais de nadal, revista escolar...), **no rotulado do centro** e en **todas as notas informativas e comunicacións** tanto orais coma escritas, coas familias e institucións.

Noutro ámbito, desde **a ANPA**, hai participación activa promovendo actividades e redactan en todo momento as convocatorias en lingua galega:

<https://anpaensinorabadeira.wordpress.com>.

O Concello, como institución pública e membro da Comunidade Educativa colabora activamente no fomento o idioma ofertando actividades e promovendo o uso do galego.

2. Obxectivos.

● Obxectivos xerais:

- Fomentar a competencia lectora: Fomentar no alumnado o interese pola lectura e desenvolver o hábito lector.
- Favorecer a competencia literaria.
- Desenvolver o uso crítico da información
- Ofrecer a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais.
- Formar ao alumnado no uso da biblioteca.
- Dotar de destrezas para a consulta eficaz das distintas fontes informativas, a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento favorecendo a alfabetización múltiple do alumnado.
- Integrar tecnoloxías da información nas actividades de aprendizaxe. Integrar as TICS no proceso de lectura, escritura e busca de información.
- Implicar ás familias e titoras/es legais do alumnado no fomento dos hábitos lectores e escritores das súas fillas e fillos.

● Obxectivos específicos en relación ao Equipo Directivo:

- Manter a biblioteca como un dos elementos dinamizadores das actividades do centro e en centro de recursos centralizador e xestor dos fondos documentais existentes.
- Favorecer a presenza dun Equipo de Biblioteca estable cun horario que lle permita a posta en marcha das propostas.
- Garantir a presenza dalgún membro do Equipo Directivo na biblioteca.
- Establecer criterios metodolóxicos comúns co fin de coordinar ao profesorado na ensinanza da lectura e da escritura.
- Coñecer e coordinar as actividades propostas dende a biblioteca favorecendo a participación efectiva de toda a comunidade educativa.

● Obxectivos específicos en relación ao Departamento de Orientación do centro:

- Facilitar información sobre o nivel de lectura, escritura e comprensión lectora do alumnado do centro.
- Asesorar ao profesorado sobre programas específicos que fomenten a mellora da escritura, a lectura e a comprensión lectora.
- Asesorar ao Equipo de Biblioteca sobre materiais e fondos que favorezan o acceso á lectura de todo o alumnado.
- Colaborar co Equipo de Biblioteca en aspectos relacionados coa creación dunha biblioteca inclusiva.

- Obxectivos en relación ao profesorado:
 - Asumir a necesidade de favorecer a competencia lectora en todas as áreas e niveis de aprendizaxe.
 - Traballar a lectura e a escrita en todos os ciclos e niveis.
 - Implicar ás familias no obxectivo de potenciar o hábito lector.
 - Favorecer e valorar a creación literaria do alumnado.
 - Fomentar o uso crítico da información.
 - Favorecer o uso por parte do alumnado dos fondos, recursos e espazos da biblioteca.
 - Participar en actividades e propostas da Biblioteca Escolar.
 - Integrar o uso da biblioteca na súa programación.
- Obxectivos específicos en relación ao Equipo de Biblioteca:
 - Dar a coñecer a toda a comunidade educativa a biblioteca, os seus espazos, fondos e recursos.
 - Catalogar, informatizar, actualizar e xestionar os fondos.
 - Programar e poñer en marcha a formación de usuarias e usuarios da biblioteca.
 - Asesorar ao profesorado e atender as necesidades e demandas en materia lectora.
 - Encargarse da dinamización da biblioteca.
 - Impulsar a participación nas actividades propostas dende as bibliotecas municipais.
- Obxectivos específicos en relación a outros equipos:
 - Organizar o Equipo de Biblioteca de xeito que sexa posible a coordinación, colaboración e traballo conxunto co resto dos equipos do centro:
 - EDLG: asesorar e colaborar na selección de fondos documentais específicos: fondos en lingua galega e lingua portuguesa.
 - Equipo Píntega: fondos relacionados co medio ambiente e actividades nas zonas verdes do centro educativo (charca, zonas verdes, xardíns, etc.).
 - Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: fondos e actividades relacionadas con festas e conmemoracións.
 - Equipo TICs: traballando conxuntamente na zona Tic da biblioteca e adquirindo fondos relacionados programación, robótica, lego, etc.
 - Equipo de patios: colaborando na planificación e implementación de actividades para o tempo de lecer do alumnado.
- Obxectivos específicos relacionados coas familias e titoras/es legais do alumnado:
 - Favorecer que se convertan en modelos lectores para as nenas e nenos e que estimulen a lectura nos momentos de lecer.
 - Promover a participación das familias nas actividades de fomento da lectura-

- Favorecer a compensación das desigualdades socioeconómicas no referente ao acceso do alumnado á información e á lectura.

3. Itinerario lector.

A través dos equipo de nivel e ciclo establécese un itinerario lector a seguir nos diferentes cursos de primaria para traballar o tempo de lectura compartida. As lecturas comúns de aula xiran en torno ao PDI do centro.

4. Liñas de acción prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar do centro.

a. Análise da situación da biblioteca escolar. Organización e xestión.

O Proxecto Lector de Centro parte dunha análise da realidade da biblioteca escolar do centro e dos seus recursos.

- Espazo físico:

O centro conta cunha zona de uso exclusivo para a Biblioteca Escolar. A biblioteca do CEIP Plurilingüe da Rabadeira conta con varios espazos:

- o Espazo 1: zona de libros ficción (organizados en tres espazos para prelectores/as, primeiros/as lectore/as e lectores/as autónomas/os), zona de relaxación e recuncho de teatro. Mesas de lectura que permiten diferentes configuracións e zonas para a lectura informal.
- o Espazo 2: zona de libros informativos e mesas para traballo en pequeno ou gran grupo, zona de arte, espazo TIC e zona de xestión.
- o Espazo 3: Laboratorio Creativo de Aprendizaxe (ampliado no curso académico 2021-2022 tras a inclusión da biblioteca no programa Biblioteca Creativa de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- o Espazo 4: zona de lectura exterior, incluída no proxecto de patios inclusivos do centro no curso 2021-2022, no que se inicia a súa remodelación.
- o Radio na biblio: creada no curso 2021-2022, cando a biblioteca do centro foi admitida no programa Radio na Biblio. Está ubicada na primeira planta do centro.
- o Accesos e corredores.

A situación no centro resulta idónea por estar libre de barreiras arquitectónicas e ser accesible tanto para o alumnado de infantil como de primaria. As zonas de lecturas son luminosas e o espazo resulta acolledor.

En xeral, o mobiliario é suficiente para as necesidades da biblioteca e a súa versatilidade permite adaptalo ás necesidades das usuarias e usuarios. Unicamente

cómpre actualizar e adaptar ás novas necesidades parte do mobiliario do Laboratorio Creativo.

- Utilización da biblioteca:

A biblioteca conta cun horario para uso dos grupos-clase a disposición do profesorado e previa reserva por medio da App de organización coa que conta o centro.

A apertura da biblioteca en horario de recreo está condicionada polas medidas sanitarias do momento, polo que será variable en función das mesmas.

No blog da biblioteca están dispoñibles os documentos guía para o uso dos espazos da biblioteca. Na zona de xestión poden atoparse documentos de axuda para o uso do programa Meiga.

- Fondos da biblioteca:

Os fondo bibliográficos están clasificados segundo a CDU proposta por bibliotecas escolares.

Os fondos de ficción están distribuídos en tres espazos atendendo ás competencias lectoras das usuarias e usuarios: prelectoras/es (zona azul), primeiras/os lectoras/es (zona vermella) e lectoras/as autónomas /os (zona verde). Os fondos informativos atópanse nun espazo diferenciado clasificados e sinalizados segundo a CDU ilustrada proposta por Bibliotecas Escolares. Existe un espazo para os libros en lingua inglesa e francesa e outra para libros de adultos.

Os fondos están suficientemente actualizados, realizándose expurgo de forma continuada segundo as necesidades.

A biblioteca conta con recursos dixitais, de robótica e realidade aumentada que se van ampliando cada curso. As aplicacións didácticas instaladas nas tablets están inventariadas nun documento a disposición do profesorado para facilitar o seu uso e a programación das sesións na biblioteca.

Asígnase un orzamento específico para a biblioteca (entre o 5% e o 10% do orzamento do centro) e, dende o 2019, conta cos fondos específicos do PLAMBE.

- Xestión técnica:

Existe un rexistro informatizado dos fondos por medio do programa Meiga.

A biblioteca conta cun blog onde se publican actividades, guías de lectura, documentos informativos para usuarios e usuarias, etc.

<http://bibliotecarabadeira.blogspot.com>

Por medio do blog pódense facer suxestións de compra para os fondos da biblioteca (<https://bibliotecarabadeira.blogspot.com/p/solicitud-de-compra.html>) e consultar o catálogo dos fondos da mesma (<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CEC208>).

Para favorecer o achegamento ás familias a biblioteca ten conta de Instagram e Facebook nas que se fan publicacións periódicas:

https://www.instagram.com/biblioteca_ceip_rabadeira/?hl=es

<https://www.facebook.com/profile.php?id=10006396652590>

- Responsables da biblioteca escolar:

A biblioteca conta cunha persoa encargada da mesma e cun Equipo de Biblioteca. O Laboratorio Creativo ten unha coordinadora específica dentro do equipo. Contémplase a formación permanente dos membros do equipo, principalmente por medio de Seminarios Permanentes.

O Equipo de Biblioteca conta con horario específico en función das necesidades organizativas do centro.

- A biblioteca escolar no centro:

Existe presenza da biblioteca na PXA, na que cada ano se contempla programa anual da B.E

Na programación do centro figuran actividades relacionadas coa promoción da lectura como exposicións de libros, encontros con autoras e autores, lecturas compartidas, contacontos, Hora de Ler, Mochilas Viaxeiras, etc.

Dende a B.E. prográmase un PDI anual con actividades para todo o alumnado, propostas e documentación específica dentro do proxecto escollido polo claustro no mes de setembro para cada curso.

A biblioteca serve de soporte para as actividades de aula.

- Usuarias e usuarios da biblioteca:

As usuarias e usuarios da B.E. poden realizar na mesma actividades de consulta, lectura informal, préstamo, traballos escolares, lectura de revistas, audicións de música, vídeos, xogos, experimentos, creacións, robótica, programación, participación en actividades, retos e propostas, etc.

- Préstamo:

O servizo de préstamo está automatizado mediante o programa Meiga. Cada alumno ou alumna pode ter en préstamo ata 3 exemplares durante 15 días, o profesorado e persoal non docente pode realizar empréstitos de ata 25 exemplares por un tempo de 30 días. Existe a posibilidade de reserva e prórroga de exemplares.

- Bibliotecas de aulas:

As bibliotecas de aulas nútreñe da biblioteca do centro mediante préstamos periódicos xestionados polo profesorado. No inicio de curso poderíanse seleccionar desde o Equipo de Biblioteca, lotes de libros relacionados co PDI que posteriormente serán devoltos polas titoras e titores.

- Relacións con outras bibliotecas:

As bibliotecas municipais poden facer préstamos de libros ou lotes sobre determinados contidos á B.E. do centro. Permítese o préstamo de ata 25 exemplares por un período de ata 30 días para o uso no centro.

Dende a B.E. promociónanse as actividades das bibliotecas municipais e promóvese a asistencia do alumnado ás actividades de fomento da lectura propostas polas mesmas.

- Proxectos de mellora de biblioteca escolar:

A biblioteca do centro forma parte do PLAMBE dende 2019, ano no que se levou a cabo a obra para dar cabida á actual biblioteca.

No último curso presentouse á convocatoria de plans de mellora e proxectos promovidos por Bibliotecas Escolares de Galicia.

b. Avaliación.

Criterios e procedementos de avaliación:

- Ø Analizar trimestralmente os obxectivos acadados, as dificultades xurdidas e as posibilidades de mellora. Completarase cunha valoración por parte do profesorado para coñecer o que aconteceu nas aulas.
- Ø Elaborar, a final de curso, unha memoria das actividades realizadas, dos obxectivos acadados, e das dificultades adoptadas.
- Ø Recoller datos cuantitativos ao longo do curso que permitan comparar o funcionamento da biblioteca a través dos anos.
- Ø Elaborar enquisas para avaliar as actividades desenvolvidas desde a biblioteca.

5. Intervencións que compre sistematizar:

5.1. Intervencións dirixidas a fomentar o hábito lector:

- Hora de Ler: dentro da organización horaria de todos os grupos resérvase unha franxa de 25 minutos para a lectura. Tradicionalmente todos os grupos tiñan a Hora de Ler ao mesmo tempo, despois do recreo, como unha continuidade do tempo de lecer. Debido á nova organización horaria por mor da pandemia, e mentres esta situación continúe, existen no centro dous momentos lectores en función da hora de recreo de cada grupo.

No inicio de cada curso, durante o mes de setembro, o profesorado adscrito a cada ciclo establecerá a programación xeral das actividades que se levarán a cabo en cada nivel durante as Horas de Ler. Esta programación figurará na PXA, dentro do Plan Lector e se desenvolverá, ao longo do curso, polo profesorado que imparta docncia nas Horas de Ler.

- Mochilas viaxeiras: Trátase de mochilas revisadas e actualizadas polo Equipo de Biblioteca para cada aula, de forma que durante unha semana o alumnado poda dispoñer do seu contido na casa. As mochilas terán contidos

variados (contos, ensaios, banda deseñada, lecturas inclusivas, revistas, etc.), en función da competencia lectora do alumnado.

- Animacións á lectura:
 - Contacontos e actividades de animación á lectura ofertadas polo Concello.
 - Contacontos e actividades organizadas dende a biblioteca.
 - Recomendacións lectoras por parte do alumnado (booktubers).
 - Guías de lectura elaboradas polo equipo de biblioteca.
 - Exposicións e recunchos lectores.
- Lectura en familia:
 - Invitación ás familias para realizar contacontos no centro (se a situación sanitaria o permite).
- Visitas de autoras e autores.

5.2. Intervencións dirixidas ao fomento da escritura e linguaxes múltiples:

- Participación en certames literarios.
- Organización de concursos e retos literarios por parte dos equipos do centro (EDLG, Equipo de Biblioteca, etc.).
- Actividades de escritura creativa realizadas polas titorías na aula ou na biblioteca, recuncho de escritura creativa na biblioteca.
- Participación de todo o alumnado na revista do EDLG “Sementeira”, con edicións anuais.
- Actividades e propostas de poesía, teatro, banda deseñada, teatro de sombras, croma, etc.

5.3. Intervencións dirixidas ao uso crítico da información:

- Formación do alumnado na selección de fontes informativas, tanto impresas como dixitais.

5.4. Intervencións dirixidas á formación como usuarias e usuarios da biblioteca.

- Formación en materia de CDU.
- Formación en materia de recursos e espazos da biblioteca.
- Selección do alumnado colaborador, formación e seguemento.
- Dinamización dos recursos da biblioteca por parte do alumnado colaborador.

5.5. Intervencións dirixidas á integración das tecnoloxías e linguaxes de programación e robótica.

PROXECTO LECTOR
CEIP PLURILINGÜE DA RABADEIRA

- Actualización e dinamización de recursos relacionados coa robótica, a programación e as novas tecnoloxías.
- Difusión dos recursos.